

PORTADA | CULTURA

PREMIO XERAIS 2007

Rexina Vega: "As vidas minúsculas son as que constrúen a historia"

Lara Rozados. Urbano Rodríguez Moledo foi fusilado o 10 de decembro de 1936 xunto con outros doce homes, no Monte do Castro, en Vigo. Nun xuízo sumarísimo presentouse como proba inculpatória unha obra de teatro, o drama rural 'A volta da perdida'.

04.12.2007 | 07:00

TAGS: REXINA VEGA, CARDUME, PREMIO XERAIS, LITERATURA



Bragado, Vega e De Toro. L.R.

Varias décadas despois, a investigadora, profesora e crítica literaria Rexina Vega dá, entre os arquivos daqueles procesos, con esta obra de teatro. Comeza entón un traballo de edición, e paralelamente, algo máis forte có afán investigador, unha vontade de resucitar a Urbano feito palabra, agroma nela.

Traballa durante cinco anos no que será a súa primeira novela, envía ao premio Xerais de novela co lema "Cardume" e o pseudónimo, fiel ao seu tan estudado Cunqueiro, Fanto Fantini... E gaña. E nesa mesma illa de San Simón onde Urbano foi convertido en cardume pola barbarie fascista, Rexina Vega recolleu o

premio Xerais de novela.

Este xoves presentou a novela na librería [Couceiro](#), en Compostela, acompañada polo editor de Xerais Manuel Bragado e o escritor Suso de Toro, e tamén o venres, xunto coa edición crítica d'*A volta da perdida*, no [MARCO](#) de Vigo, acompañada por Manuel Forcadela, Xavier Moreda, e a cantante Rosaída.

De como a ficción pode achegarnos á verdade

Como a presentou Bragado, Rexina é tradutora e unha das máis importantes críticas literarias do país, e debuta na creación con esta novela, que reivindica a memoria como "identidade do presente". Urbano Rodríguez Moledo formaba parte daquel galeguismo fraternal de ideario marxista, e foi fusilado o 10 de decembro do 1936 no monte do Castro. A súa obra, *A volta da perdida*, ía ser representada polo cadro de declamación Máximo Gorki, pero foi incautada polos militares antes de chegar a estrearse.

"Como sucede en *Home sen nome* (de Suso de Toro), dende a ficción é posíbel achegarse á verdade", afirmou Bragado. O propio De Toro salientou a calidade da novela, da primeira novela dunha autora "todos tivemos que ir pouco a pouco antes de chegarmos a unha novela, e máis aínda, a unha boa novela". Lembroulle especialmente a *Paradiso*, do cubano José Lezama Lima, onde o autor recrea a súa propia vida, non a través do histórico concreto, senón da memoria afectiva.

"O pasado segue vivo en nós"

"A novela comeza cunha invocación á memoria. Pero a musa, ou o bardo da memoria, é neste caso unha meniña. Comeza nun cemiterio e remata nun cemiterio, nunha visita ao pasado, remoto, pero continuo". De Toro fala de *Cardume* como unha "baixada ao Hades", e de certo é, como a voz narrativa, estreitamente ligada, "umbilical", á propia Rexina, nos indica, unha "cerimonia de ouija" para que os mortos falen a través dela.

Outro aliciente da novela, como indicou De Toro, é que "se ben o noso imaxinario está moi restrinxido ao labrego, á emigración, á Galiza rural, á Guerra civil como trauma colectivo, aquí atopamos a épica da cidade, absolutamente contemporánea, que foi Vigo no primeiro terzo do século XX". E, dende logo, éo tamén a ruptura da unidireccionalidade do tempo: "o tempo está transcendido: o pasado segue vivo en nós".

A poética do minúsculo

Pola súa banda, Rexina agradeceu todo o apoio: "non podería ter mellor padriño", afirmou, salientando que de Suso de Toro admira a súa "voz pública, e a calidade e valentía da súa escrita". A seguir falou sobre "a memoria resistente da escritura".

04/12/2009

A nosa Terra - Rexina Vega: "As vidas ...

"Eu quería combater a desaparición, o baleiro. Como dicía Georges Perec (de quen Rexina traduciu *La disparition*), "Non importa que de todos eles me fixera descender o ceo: se eu escribo a súa historia, eles descenderán de min". Urbano existiu, peor o que permanecerá será o que eu recreei na miña imaxinación".

A Rexina interesoulle "a historia das vidas minúsculas que son as que constrúen a historia, pero que a propia historia esquece: no meu pasado, no de todos nós, hai unha ferida, unha dor herdada. A barbarie caeu como unha machada sobre as ilusións da República".

Ademais de levar ao público da man da súa novela polo Vigo mestizo e desacougante que describe con precisión, explicou "veño de descubrir, abraiada de min mesma, a posibilidade de contar historias. A miña é unha poética do minúsculo, do matiz".
